

Contos de lobo



Unha produción de:


Teatro dos
Ghazafellos

Contos de lobo

Un conto interactivo onde se mestura a maxia o circo ou a hipnose...

Dúas personaxes dispares pero no fondo parecidos, acordan para contar historias onde aparezan lobos... pero ao final un fai maxia, outra hipnotiza, os dous fan acrobacias... ala!! E os contos? **-Que nos axude o público...**

"Mon e Pe", chegan para contar uns contos. Ao principio fan unha entrada tan espectacular que a "Pe" se lle vai a cabeza e comeza a facer espectáculos de maxia e acrobacias... "Mon", contundente pero didáctica, centra a situación ofrecendo ao público presente colaboración nos contos.... e que colaboración!!!



"Mon", eficiente, sabichona, quere que todo saia ben... É unha gran coñecedora dos contos!! Menos mal que ten autocontrol se non....

"Pe", Tolo, despistado e impaciente quere facer maxia, ou acrobacia, ou... ai...!! Que si, queviñamos contar contos...

No espectáculo trátase a temática da boa alimentación así como a estimulación para o xogo e a participación teatral.



Teatro dos Ghazafellos

É unha compañía nada na comarca de Ferrolterra no ano 2006 e creada por Montse Piñón e Pepablo Patinho.

Centrándose no traballo de títeres, animación e teatro actoral especialízanse na realización de obras teatrais para público familiar. Na su andaina como compañía realizan contacontos, mímica, títeres,...e talleres de teatro para grupos infantís e de adultos. Adoptando ideas como as de Michael Ende en Momo de "escoitar aos demais..."ou Antoine Saint Exupéry, "O esencial é invisible aos ollos..."e intentando contar historias sinxelas e profundas como Charles Chaplin,

Ghazafellos soña con evocar nas súas historias ás grandes xenialidades que entenderon o mais efímero da vida: a infancia



Repertorio Ghazafellos:

Frankensteit | Contos mariñeiros | Contos para escagarriñarse | Nana para un Soldado | Bon Appetit

Contos de lobo

É unha obra para tódolos públicos pero recomendada para **nenos e nenas de 3 e 10 anos**.

Ficha Artística:

Idea Orixinal: Ghazafellos

Texto e Dirección: Pepablo Patinho e Montse Piñón

Vestiario: Ghazafellos

Escenografía e atrezzo: Ghazafellos

Elenco: Montse Piñón e Pepablo Patinho



Ficha técnica:

Ancho: 3m

Alto: 2,5m

Fondo: 2m

Son: 1000W (Por conta da compañía)

Iluminación: 1500V

Duración: 60m.

Montaxe: 1,5h

Desmontaxe: 1h



Contratación

URDIME: www.urdime.net | info@urdime.net | T.981937424 | T.679946957 | T.619920335